
O CONCELLO DE PORTO DO SON ORGANIZA UN CURSO DE INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS NA INFANCIA. ESPECIAL ATENCIÓN Á INTOLERANCIA Á FRUCTOSA.

A acción formativa, gratuíta e de catro horas de duración, vai ter lugar o venres 3 de marzo no Centro de Interpretación do Castro de Baroña (Avda. Fernando Fariña Barros, 10, Porto do Son).

O Concello de Porto do Son, en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns –dependente da Consellería de Sanidade- organiza un curso de Intolerancias Alimentarias na Infancia (4h), con especial atención á intolerancia á fructosa, que vai ter lugar o vindeiro venres día 3 de marzo en horario de 16.00h a 20.00h.

Esta acción formativa, de carácter gratuíta, está dirixida a persoal sanitario e educativo, monitores/as, pais, nais e cidadanía en xeral.

Programa:

- Que é unha intolerancia. Diferenza entre intolerancia e alerxia.
- Intolerancias alimentarias mais comúns.
- Síntomas e actuacións.
- A intolerancia a fructosa, tratamento.
- Alimentos permitidos e consellos.
- Etc.

A sesión correrá a cargo de **Rosaura Leis Trabazo**, Profesora Titular de Pediatría na Universidade de Santiago de Compostela. Médico Especialista en Pediatría. Coordinadora da Unidade de Gastroenteroloxía e Nutrición Pediátrica da Área sanitaria de Santiago. IDIS. CiberObn.

As persoas interesadas en participar deben enviar a correspondente folla de inscrición ao enderezo electrónico maria.santos.lemina@portodoson.gal

As prazas, limitadas, asignaranse por orde de inscrición.

Porto do Son, 23 de febreiro de 2023.